

DEBUXO ARTÍSTICO II

2024

O Grupo de Traballo de Debuxo Artístico propón os seguintes contidos básicos seguindo os “Saberes Básicos” que se relacionan no Real Decreto 243/2022, BOE n.º 82 do 07/04/2022 e desenvolvidos no Decreto 157/2022, DOG n.º 183 do 26/09/2022 (na seguinte relación recóllense, en cursiva, os contidos publicados no DOG).

Bloque 1. Concepto e historia do debuxo.

- O debuxo na arte dos séculos XIX e XX. Obras máis representativas de diferentes creadores e creadoras.
- Da representación obxectiva á subxectiva. Do figurativo á abstracción.
- A Bauhaus e o deseño.
- O debuxo como expresión artística contemporánea. Debuxar no espazo.
- O debuxo e artes plásticas en Galicia nos séculos XIX e XX. O Laboratorio de Formas.

Bloque 2. A expresión gráfica e os seus recursos elementais.

- A retentiva e a memoria visual.
- As formas e a súa transformación: a forma entendida como unha estrutura de elementos e relacións. Espazos negativos e positivos das formas.
- Textura visual e táctil.
- Técnicas gráfico-plásticas, tradicionais, alternativas e dixitais.

Bloque 3. Debuxo e espazo.

- A liña, o debuxo e a tridimensionalidade.
- A perspectiva. Aplicación da perspectiva cónica ao debuxo artístico.
- Encadramento e debuxo do natural. Relación cos fotografía.
- Espazos interiores, exteriores, urbanos e naturais.

- Xeometría e natureza.

Bloque 4. A luz, o claroscuro e a cor.

- O sombreado e a mancha. Escalas e claves tonais.
- Calidades e relacións da cor. O contraste de cor. Cor local, tonal e ambiental. Usos da cor no debuxo.
- Dimensións da cor. Aplicacións prácticas.
- Perspectiva atmosférica.
- A cor asociada á liña. Arte óptica e xeométrica.

Bloque 5. A figura humana.

- Representación do ser humano ao longo da historia. Canon e proporción. Os esterotipos de beleza en diferentes épocas.
- Nocións básicas de anatomía artística.
- Apuntamento do natural e do escorzo.
- O retrato. Faccións e expresións.
- O corpo humano como soporte e como instrumento de expresión artística.

Bloque 6. Proxectos gráficos colaborativos.

- A distribución de tarefas nos proxectos gráficos colaborativos: criterios de selección a partir das habilidades requeridas e das necesidades do proxecto.
- Fases dos proxectos gráficos.
- Estratexias de selección de técnicas, ferramentas, medios e soportes do debuxo adecuados a distintas disciplinas.
- Estratexias de avaliación das fases e os resultados de proxectos gráficos. O erro como oportunidade de mellora e de aprendizaxe.

A proba intenta recoller nos exercicios aqueles contidos máis xerais e necesarios para a realización dun debuxo. As cuestións que aparecen de interpretación libre deberán atender as propostas de uso da cor como nelas se indica.

ANEXO

A continuación, incluímos outros **exemplos** para as **PREGUNTAS 2. e 3.**

-Realizar unha interpretación da obra de PICASSO, Pablo, *Familia de saltimbanquis*, con técnica libre, invertindo a gama de cor (os fríos en cálidos e viceversa).



- Realizar unha interpretación libre da obra de Édouard Manet, *Un bar no Folies Bergère*, 1882, con técnica libre, transformando os volumes en formas xeométricas.



- Realizar unha interpretación da obra de David Hockney, *Señor e señora Clark e Percy*, 1970-72, con técnica libre, facendo un negativo da imaxe.



- Realizar unha interpretación da obra de Auguste Rodin, *O bico*, 1882, con técnica libre, empregando unha gama de cores moi saturadas e por complementarios.



- Realizar unha interpretación da obra de Vincent Van Gogh, *Retrato de Joseph Roulin*, 1888, con técnica libre, invertindo as gama de cores.

